



DEBUXO ARTÍSTICO

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinale na aula como opción 1. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de craro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando a imaxe de Theo van DOESBURG “Obxecto esteticamente transformado” e “Composición (A Vaca)”, ámbolos dous contra 1917.



(Ver lámina en apéndice)

OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinale na aula como opción 2. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de craro-escuro.

2.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Púxenme un sombreiro para recordar / E todo se pechou na miña cabeza. / Quiteime un sombreiro para recordar / E os meus pensamentos voaron ó vento / Como semente que non xermina.”

Yehuda AMICHAÏ “Brotos” , en *Antoloxía persoal*.

DEBUXO ARTÍSTICO

Cualificación: Cuestión 1ª = 5p.; cuestión 2ª = 5p.

OPCIÓN 1

1.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinale na aula como opción 1. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de claro-escuro.

1.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), crear unha composición interpretando a imaxe de Edouard VUILLARD, “*Nos xardíns das Tuilleries*”, 1895.



OPCIÓN 2

2.1. Realizar un debuxo do modelo que se sinale na aula como opción 2. A organización do debuxo e a súa composición fundamentaranse na estrutura esencial dos obxectos, nas súas proporcións e nas relacións de claro-escuro.

2.2. Con técnica libre e facendo, se cómpre, bocetos previos (en follas soltas), realizar unha composición interpretando graficamente o texto seguinte:

“Era ese campo de Creta o que me atraía, esa terra que agora, avanzando a tarde, acollía unha luz menos cegadora, que deixaba singularizarse a cada ser, a cada árbore; a ese vello olivo desterrado do grupo, de tronco forte e abatido, que inclinaba a cabeleira de espesas pólas para que brillaran ó sol as puntas prateadas das súas follas, como canas pulidas polo tempo; a ese pobo que semellaba sestear no alto dun lombo, entre viñedos, e sobre o que se alzaba a modesta cúpula dunha capela ortodoxa; á recta estrada gris que corría entre amarelos campos ermos, directa a estrelarse contra o paredón dunha serranía branca.”

Javier REVERTE, “*Corazón de Ulises. Unha viaxe grega*”.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN / CORRECCIÓN

CONVOCATORIA DE XUÑO

A puntuación máxima é de 10 puntos. Como a proba consta de dous exercicios, a puntuación será a que segue:

1.- O primeiro exercicio (debuxo analítico) terá unha puntuación máxima de 5 puntos, e nel valorarase

a capacidade de análise, a composición, a proporción e o tratamento do claroscuro.

2.- O segundo exercicio (debuxo creativo) terá unha puntuación máxima de 5 puntos, e nel valorarase a creatividade, a composición e a resolución gráfica.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

No primeiro exercicio **teranse en conta os seguintes aspectos: a puntuación máxima será de 5 puntos.**

1.- A comprensión da forma, a capacidade de análise e síntese da estrutura esencial dos obxectos, ademais das proporcións relativas nos obxectos que configuran a composición.

2.- As destrezas técnicas e gráficas na descrición das formas mediante o uso da liña, a mancha e as relacións establecidas no claroscuro.

No segundo exercicio **a avaliación contemplará os seguintes aspectos: a puntuación máxima será de 5 puntos.**

1.- A capacidade creativa do alumno tanto na comprensión como na expresión mediante o debuxo das formas a representar.

2.- O coñecemento do material a empregar (destrezas técnicas) e a súa adecuación (técnica) ó debuxo a realizar.

3.- A análise previa necesaria para unha mellor articulación das formas e as súas relacións compositivas.